

RESOLUCIÓN do 1 de decembro de 2023, do tribunal designado para a realización de probas selectivas para ingresar por promoción interna en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do segundo exercicio.

O tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para ingresar por promoción interna en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, convocado e aprobadas as bases por acordo da Mesa do Parlamento do 3 de xullo de 2023 (BOPG número 521, do 10 de xullo de 2023) acordou que o segundo exercicio se realizará o **venres día 15 de decembro de 2023, ás 10.00 horas, na Sala Rosalía do Parlamento de Galicia.**

A persoa aspirante deberá ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

Este segundo exercicio, en cumprimento do apartado 6.1.1. das bases que rexen a convocatoria, consistirá na resolución dun suposto práctico relacionado cos contidos do temario, para o que será requisito o manexo das ferramentas informáticas a que se refiren os temas 23, 24 e 25. Esta proba se realizará nun ordenador que facilitará o tribunal.

O tempo máximo para a realización desta proba será de 2 horas (2h) e valorarase de 0 a 15 puntos. A puntuación mínima para superala será de 7,5 puntos.

Os criterios xerais de corrección e valoración de cada un dos aspectos da correcta execución do exercicio, establecidos nas base 6.1.1, serán puntuados coa seguinte distribución:

Axuste do contido ao tipo de documento de que se trate **6 puntos**

Correcta utilización das ferramentas informáticas **5 puntos**

Maquetación do documento **3 puntos**

Ortografía **1 punto***

- Esta puntuación alcanzarase coa ausencia total de faltas de ortografía. Por cada falta descontarase 0,1 punto. A repetición dunha mesma palabra con falta ortográfica non computará no desconto.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2023

O presidente do tribunal

Xosé Antón Sarmiento Méndez